

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA O AUMENTO DE CORDAS NOS POLÍGONOS DE BATEAS O GROVE C-2, O GROVE C-4, PORTONOVO C, CANGAS F, CANGAS G e CANGAS H.

Feitos

1. O 09.07.2026, a Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX) presenta unha solicitude de ampliación do número de cordas de engorde a 100, motivada pola escaseza de cría nas rochas e polos episodios de biotoxinas que provocaron o peche dos polígonos durante máis de dous meses consecutivos. Na solicitude indican que se amplíe nos polígonos GROVE-C2, O GROVE-C4, MUROS-A, MUROS-B, NOIA-A, PORTONOVO-A, PORTONOVO-B e PORTONOVO-C.
2. O 16.07.2026, o Departamento Territorial de Vigo solicita informe en relación a solicitude de ampliación de cordas de engorde ou estocado en sacos nos polígonos de viveiros CANGAS F, G e H presentada pola Sociedade Cooperativa Galega Mexilloeiros de Galicia (SOCOMGAL).

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, regula no capítulo III do título V as concesións de actividade na zona marítima.
2. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 174/2002 do 10 de maio, no artigo 35.2 establece que cando nun período determinado se presenten de modo persistente e continuado fenómenos medioambientais excepcionais, tales como fortes temporais ou episodios de fitoplancton tóxico, que impidan levar a cabo o ciclo normal de produción ou repercutan gravemente no de comercialización, a delegación territorial dentro do ámbito da súa competencia, poderá autorizar por resolución motivada o incremento do número de cordas de engorde en determinados polígonos con carácter temporal, previa petición da maioría das entidades representativas do sector, e informe da correspondente unidade técnica administrativa. A autorización cesará no seus efectos cando fundadamente se estime que desapareceron as especiais condicións determinantes da medida.





3. A ampliación de 100 cordas de engorde mentres duren os peches por biotoxinas nos polígonos PORTONOVO A e B foi autorizada por resolución do Departamento Territorial de Vigo do 02.07.2026.

4. O 17.07.2026 o Xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura, emiten un informe no que indican que non observan inconveniente en que se resolva favorablemente o aumento de 100 cordas baixo unha serie de condicións.

5 Segundo o informe de situación de zonas de produción do viveiros flotantes do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) publicado o 17.07.2026 (https://www.intecmar.gal/PDFs/Zonas_1401.pdf), a situación dos polígonos O GROVE C-2, O GROVE C-4, PORTONOVO C, CANGAS F, CANGAS G e CANGAS H é a seguinte:

**SITUACION DAS ZONAS
(Viveiros Flotantes)**

DATA: 17/07/2026 HORA: 09:52
INFORME N°: SZ000251/26

Folla 1 de 2

Orde do 14 de novembro de 1995 (DOG N° 221 do 17/11/1995)
Orde do 31 de outubro de 1989 (DOG N° 235 do 11/12/1989)
Orde do 28 de outubro de 1996 (DOG N° 226 do 19/11/1996)
Orde do 14 de marzo de 1997 (DOG N° 64 do 04/04/1997)

Arousa	IX	IX.2	Grove C2	A	C1	B1	Pechada (24/04/2026)
Arousa	IX	IX.4	Grove C4	A	C1	B1	Pechada (24/04/2026)
Pontevedra	III	III.3	Portonovo C	B1	C1	B1	Pechada (20/04/2026)
Vigo	I	I.1	Cangas F	B1	C1	B1	Pechada (20/04/2026)
Vigo	I	I.2	Cangas G	B1	C1	B1	Pechada (25/04/2026)
Vigo	I	I.3	Cangas H	B1	C1	B1	Pechada (09/07/2026)

No caso do polígono Cangas H, estivo pechado do 20.04 (Informe n° 117 do 20.04.2026 as 20:33 https://www.intecmar.gal/PDFs/EstadoZonas/VFlotantes/202604202033_117.PDF) ao 29.06, o 30.06 (Informe n° 224 do 30.06 as 08:49, https://www.intecmar.gal/PDFs/EstadoZonas/VFlotantes/202606291437_223.PDF) abriu pero volveu a pechar o 09.07 (Informe n° 239 do 09.07 as 18:42 https://www.intecmar.gal/PDFs/EstadoZonas/VFlotantes/202607091842_239.PDF) permanecendo pechado á data do 17.07.2026. Polo que dende o 20.04.2026, o polígono permaneceu pechado agás un período de 9 días entre o 30.06 e o 09.07.



De acordo con todo o indicado, RESOLVO

Autorizar a colocación de 100 cordas máis das 500 xa autorizadas de engorde nas bateas dos polígonos O Grove C-2, O Grove C-4, Portonovo C, Cangas F, Cangas G e Cangas H, baixo as seguintes condicións:

Primeira. As cordas que se autoricen teñen como finalidade regular o ciclo de produción na batea, polo que nelas só se poder encordar o mexillón procedente da propia batea ou estocado en sacos.

Segunda. A vixencia da autorización rematará, como máximo, un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas no polígono solicitado. Rematada a vixencia os viveiros deberán volver ao número de cordas autorizado segundo a normativa vixente.

Terceira. Estas cordas deberán estar claramente identificada mediante una marca de cor verde e como mínimo 30 cm de lonxitude, na súa parte superior.

Cuarta. As persoas concesionarias que fagan uso desta autorización deberán comunicar, coa antelación suficiente, á Subdirección Xeral de Acuicultura, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar (poderá empregarse o correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmr@xunta.gal) a colocación das cordas a medida que as vaian pendurando, coa seguinte información:

- Nome do viveiro e a súa localización (polígono e cuadrícula)
- Data, número de cordas, lonxitude e destino (engorde ou estocado en sacos), así como o número de sacos por corda que van dispoñer, de selo caso.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. Transcorrido dito prazo sen que o recurso fose presentado, a resolución será firme a tódolos efectos.

A directora territorial

